

## **BASES DE PARTICIPACIÓN**

### **CONCURSO DE ILUSTRACIÓN E DEBUXO ARTÍSTICO SOBRE A REALIDADE TRANS**

Con motivo da celebración do Día Internacional da Visibilidade Trans o próximo 31 de marzo, ARELAS, Asociación de Familias de Menores e Mocidade Trans de Galicia, convocamos o “*Concurso de Ilustración e Debuxo artístico sobre a realidade trans*” co obxectivo de seguir visibilizando e concienciando sobre a igualdade de oportunidades, o apoderamento das sexualidades non normativas e contra as discriminacións e violencias transfóbicas.

O concurso rexerese polas seguintes bases:

**PRIMEIRA.-** Poderán concursar todas as persoas residentes en Galicia, maiores de idade ou as menores con autorización expresa.

Para a válida participación das persoas menores de idade requírese a autorización dunha das persoas que ostenten a súa representación legal.

En calquera caso, deberán consentir e asinar toda a documentación as persoas menores por riba dos 14 anos cumpridos.

A autorización, dispoñible no formulario de inscrición, terá que ser enviada xunto cos traballos presentados.

**SEGUNDA.-** As ilustracións e debuxos artísticos xirarán sobre a realidade e vivencias trans, incluíndo as persoas non binarias e/ou xéneros diverxentes.

Os debuxos-ilustracións participantes deberán ser orixinais e inéditos; non sendo copias nin adaptacións doutres autores. Así mesmo, non poderán reflectir marcas comerciais existentes; nin conter imaxes ofensivas ou de mal gusto.

A organización resérvase o dereito a non admitir as candidaturas que, segundo o seu criterio, non cumpran as condicións técnicas, artísticas ou legais correspondentes ás bases do concurso; que firan a sensibilidade ou inciten a condutas violentas ou discriminatorias.

**TERCEIRA.-** A obra participante non poderá ter sido premiada en ningún outro concurso.

Se antes da resolución deste certame a ilustración presentada resulta premiada noutro concurso, este feito deberá ser comunicado de inmediato á organización deste concurso.

**CUARTA.-** Se a obra participante contén algún texto, haberá de estar escrito en lingua galega e con linguaxe inclusiva e non sexista.

**QUINTA.-** A persoa que concursa (ou, no seu caso, a persoa representante) garante que é a autora da ilustración ou debuxo presentado e que ninguén pode reclamar dereito algún sobre este.

En tal sentido, a persoa que concursa (ou a persoa que a representante legalmente) exonera e exime a ARELAS –Asociación de Familias de Menores e Mocidade Trans de Galicia– de responsabilidade ante calquera tipo de demanda ou reclamación formulada por terceiras persoas por vulneración de dereitos de autor e/ou propiedade intelectual relacionada coa obra presentada.

**SEXTA.-** Para que a ilustración ou debuxo artístico sexa válido no concurso, deberá cumprir os seguintes requisitos técnicos :

Formato de entrega:

PDF ou JPG

Tamaño A4 (210 x 297 mm) en orientación vertical ou horizontal

En cor ou branco e negro

En calquera técnica ou estilo de debuxo.

**SÉTIMA.-** Cada persoa poderá enviar unha única ilustración ou debuxo artístico. O envío farase por correo electrónico ao seguinte enderezo: [infoarelas@gmail.com](mailto:infoarelas@gmail.com)

O correo electrónico de orixe non poderá conter elementos identificativos da autoría, e deberá figurar como asunto “ARELAS, Concurso de Ilustración e Debuxo artístico”.

Este correo acompañaranse de dous/tres documentos, segundo o caso, nomeados: “Documento A”, “Documento B” e “Documento C” en formato PDF, cada un cos seguintes contidos:

- “**Documento A**”: A ilustración ou debuxo artístico co seu título, sen sinatura.

-“**Documento B**”: Un escrito onde figuren o título da ilustración ou debuxo artístico xunto co pseudónimo (se tivera) e os datos identificadores da persoa autora da obra: Nome e apelidos, copia dixital do DNI ou NIE (se o tivese por idade legal), enderezo postal, correo electrónico e teléfono de contacto.

- “**Documento C**”: Se quen concursa é menor de idade, autorización de alomenos unha das persoas titulares da súa representación legal. Deberá estar asinada tanto pola persoa representante como pola propia persoa menor, se esta tivese máis de 14 anos cumpridos.

**Esta nomenclatura deberá empregarse correctamente e serán excluídos do concurso aqueles arquivos que conteñan datos persoais no título dos mesmos.**

**OITAVA.-** Os traballos serán enviados antes das 24 horas do día 24 de marzo. Entre o 24 e o 27 de marzo as persoas participantes recibirán unha comunicación de aceptación do traballo, verificando que se axusta ás bases.

**NOVENA.-** Establécense dúas categorías de concurso con dous premios cada unha delas: o primeiro dotado con 150 € e o segundo de 100 €.

Primeira Categoría: ata 13 anos cumpridos.

Segunda Categoría: 14 anos cumpridos en adiante.

Os catro traballos premiados serán publicados nas redes sociais e na web de ARELAS.

Así mesmo, o xurado poderá conceder tres accésit en cada categoría, sen dotación económica, publicando estes traballos de igual xeito que os dous premiados.

**DÉCIMA.-** A decisión do xurado farase pública o 31 de marzo.

Será comunicada ás persoas gañadoras o mesmo día, preferentemente por vía telefónica, e será exposta ao público xeral a través das redes sociais de ARELAS.

A composición do xurado farase pública no momento de emitir o veredicto do certame. A decisión deste xurado é irrevogábel.

**UNDÉCIMA.-** Coa participación, outórgase a ARELAS toda facultade incluída nos dereitos de autor, coa cesión completa dos mesmos. ARELAS terá dereito a empregar, expor e difundir, de maneira sempre non lucrativa, os traballos presentados.

**DUODÉCIMA.-** De acordo coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos Dereitos Dixitais, ARELAS, Asociación de Familias de Menores e Mocidade Trans de Galicia é a responsable do tratamento. Os datos serán tratados coa base de lexitimación do consentimento da persoa interesada e coa finalidade de participar neste concurso. Ademais, os datos das persoas participantes serán tratados de xeito confidencial co fin de garantir e protexer as liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas físicas, a súa honra e intimidade persoal. Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento, portabilidade e a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas remitindo un correo electrónico á dirección: [infoarelas@gmail.com](mailto:infoarelas@gmail.com)

**DÉCIMO TERCEIRA.-** O feito de concorrer ao certame implica a aceptación destas bases.